



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

Se por cantar me pagharan
había de cantar ben
pero como non me paghan
canto como më convén.

Este cantáriño novo
quen o soubera cantare
as nenas da miña terra
sábeno repenicare.

Válghame Dios el que canta
el que cant'onha serena
válghame Dios el que canta
unha cousa tan pequena.

Válghame Dios el que canta
la serenita en la mare
los marineros dan vuelta
para la oír cantare.

Por qué non cantades nenas
por qué non cantades todas
unhas porque non saben
outras porque son señoras.

Cantade nenas cantade
qu'o voso cantar me aleghra
s'o voso cantar non fora
eu non 'staba nesta terra.

Aquela casa tellada
aquela telleina i-eu
aquela nena bonita
se ma dan quéroa i-eu.

/: Carmela Carmelitana :/
o que lle 'staba Carmela
unha saíta 'ncarnada.

Soldadito militare
quen ha de se-la mociña
que vos dea de chorare.



Os soldados en cuartel
cuando limpan os fusiles
dicen unos ã los otros
cando nos veremos libres.

Moito me ghusta rapaza
o lavar da túa roupa
has de ser miña cuñada
se meu irmau non ten outra.

Por aquí non canto outra
os señores que ma oian
d'ox'un ano m'oian outra.

Por ser a primeira vez
non sei como salirei
eu aquí non boto outra
os señores que ma oian
de hoxe nun ano me oian outra.

Válghame Dios d'ox'un ano
ónd'estará io meu corpo
ou aquí ou noutro lado
ou na sepultura morto.

Eí che vai a despedida
eí che vai a do remate
o que digha que vai mal
que mala morte io mate.

A 'streliña do luceiro
a maila da claridá
vais'o dí e vais'a noite
e vais'a nosa moxedá.

Estreliña do luceiro
compañeira de la luna
mándalle moitos recuerdos
a la criada del cura.

Joseíño meu amore
s'estudias para cura
será-lo meu confesore.

Estudiante da vela
se 'studias para burro
a mais has salir con ela.



Estudiante barbeito
estudías para burro
e has de salir co preito.



**Museo
do Pobo
Galego**



instituto de
estudos das
identidades